

DATOS PERSOAIS

Sr./Sra.	<input type="text"/>	co NIF	<input type="text"/>
Sr./Sra.	<input type="text"/>	co NIF	<input type="text"/>
Sr./Sra.	<input type="text"/>	co NIF	<input type="text"/>
Sr./Sra.	<input type="text"/>	co NIF	<input type="text"/>

Que referencia ten o meu contrato?

O meu contrato é o núm.

Encontrarás a referencia no recibo mensual, accedendo a www.caixabankpc.com > dentro da túa Área privada cliente > Contratos ou chamando ao teléfono gratuito 900 101 734 (de luns a sábado de 9 h a 21 h)

Que situación reúno para solicitar a moratoria sectorial de débeda?

Debido á situación provocada pola COVID-19, sufrín algunha das seguintes alteracións económicas:

(escolle unha opción):

- Son traballador por conta allea e pasei a situación de desemprego (ERE ou ERTE). Iso comportoume unha diminución de ingresos de, polo menos, un 10%.
- Son empresario ou profesional e declarei un cesamento na miña actividade ou unha redución da miña actividade económica. Iso comportoume unha diminución de ingresos de, polo menos, un 20%.
- Outras circunstancias equivalentes ás anteriores que implican unha diminución de ingresos do 10% en caso de traballadores por conta allea ou do 20% en caso de traballadores por conta propia (indica cales):

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Este apartado ten moita relevancia legal para a tramitación da túa solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que sufrín unha alteración das miñas circunstancias económicas como consecuencia da crise derivada da COVID-19, ben porque, como traballador por conta allea, estou en situación de desemprego ou estou afectado por un expediente de regulación temporal de emprego ou porque, como traballador por conta propia sufro un cesamento ou redución da miña actividade económica, ou sufro algunha situación equivalente ás anteriores.

A devandita diminución dos meus ingresos é, como mínimo, do 10% con respecto aos que viña percibindo anteriormente en caso de ser empregado por conta allea ou, como mínimo do 20% en caso de ser empresario ou profesional.

Son consciente de que no caso de que me beneficie da falsidade dos datos ou documentación que achegue (fraude de lei), deixarei de beneficiarme da devandita moratoria ou suspensión e ademais farei fronte a unha responsabilidade por danos e perdas causados.

Que información me proporcionou CaixaBank Payments & Consumer?

CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A.U. proporcionoume a seguinte información:

- 1. Información legal.** Proporcionoume unha copia dos artigos segundo e terceiro da Addenda ao Acordo Sectorial (ASNEF) sobre adiamento de operacións con financiamento de clientes afectados pola crise do coronavirus, do 27 de abril de 2020 (Anexo 1).

- 2. Consecuencias contractuais.** Informoume de que no caso de que teña contratadas tarxetas de crédito, se solicito a suspensión de pagamento das cotas, estou afirmando que me encontro en situación de vulnerabilidade económica e que, polo tanto, non poderei facer fronte aos pagamentos. O feito de que non poida facer fronte aos pagamentos habilita contractualmente a CaixaBank Payments & Consumer a non permitirme realizar novas disposicións de créditos (e bloquear temporalmente o uso da miña tarxeta de crédito) para non xerar máis débedas que non podo asumir e, polo tanto, a bloquearme novas disposicións de crédito.

Efectos: durante a moratoria sectorial (para préstamos persoais) só pagarei unha parte do recibo, a relativa aos xuros do meu préstamo. A outra cantidade que forma parte habitual dun recibo mensual, que é a parte de capital, non a terei que pagar de maneira transitoria durante o período que dure a moratoria sectorial. O tipo de xuro que se aplicará será o mesmo que se estableza no contrato orixinal.

Durante a moratoria sectorial (para tarxetas de crédito con pagamento adiado) pagarei unha parte do recibo, a relativa aos xuros do meu crédito, e o tipo de xuro nominal da tarxeta reducirase ao 12% TAE. O resto da cota non o terei que pagar de maneira transitoria durante o período que dure a moratoria sectorial.

Duración: 6 meses.

Nos casos en que se concedese unha moratoria legal ao abeiro dos reais decretos lei 8/2020 e/ou 11/2020 (de 3 meses), a nova moratoria sectorial unicamente se aplicará durante 3 meses.

Nos casos en que se concedese unha moratoria sectorial anteriormente, a duración da moratoria da que se beneficiou máis a nova moratoria será dun máximo de 6 meses.

- 3. Tratamento dos datos persoais.** Responsable do tratamento: CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A., con domicilio social na c/ Caleruega, 102, de (28033) Madrid, e CIF A08980153; inscrita no Rex. Merc. de Madrid, tomo 36.556, folio 29, folla M-656492. Inscrita co núm. 8776 no Rex. de E.F.C. do Banco de España.

Datos de contacto do delegado de protección de datos: www.caixabank.com/delegadoprotecciondedatos.

Finalidades do tratamento: os datos e información solicitados (os "Datos") son necesarios (i) para xestionar a solicitude e trataranse coa finalidade de tramitala e proceder á avaliación legal desta, así como (ii) para cumprir aquelas obrigas normativas esixibles a CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A.

Base lexitimadora do tratamento: (i) execución contractual e (ii) cumprimento das obrigas legais aplicables a CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A.

Comunicación dos Datos: os Datos poderán ser comunicados a autoridades e organismos públicos, para o cumprimento dunha obriga legal requirida, así como a provedores de servizos e terceiros necesarios para a xestión e execución desta solicitude.

Período de conservación dos Datos: para os efectos da presente solicitude, os Datos serán tratados mentres permanezan vixentes as relacións derivadas desta.

No suposto de ter a súa autorización para o tratamento de datos con finalidades comerciais, os Datos serán tratados ata a revogación da devandita autorización ou ata que finalicen as relacións contractuais ou de negocio establecidas con CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A.

Os Datos serán conservados (durante o prazo de prescrición das accións derivadas das devanditas relacións) unicamente para cumprir coas obrigas legais requiridas e para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións.

Exercicio de dereitos: o titular dos Datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación e portabilidade, de acordo coa normativa, nas oficinas de CaixaBank, no apartado de correos 209-46080 Valencia, en www.caixabankpc.com/ejerciciodederechos ou nas opcións habilitadas para tal fin na súa banca dixital ou móbil.

Tamén poderá dirixir calquera reclamación derivada do tratamento dos Datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Data e sinatura do titular (*)

Como asinar o documento?

- *Enche os campos, imprímeo e asínao*
- *Remíteo escaneado, ou fai unha foto en alta calidade, asuspensiondepago@caixabankpc.com*
- *Se o prefires, chama ao 900 101 734 para que che axudemos a asinar a través do teu móbil*

Anexo 1 | ADDENDA RELATIVA Á EXTENSIÓN DO PRAZO DE DURACIÓN DO ACORDO SECTORIAL SOBRE ADIAMENTO DE OPERACIÓNS DE FINANCIAMENTO DE CLIENTES AFECTADOS POLA CRISE DO CORONAVIRUS, ACORDADO POLO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA ASNEF O 27 DE ABRIL DE 2020.

(transcripción art. 2º e 3º)

SEGUNDO. Duración do Acordo Sectorial

De acordo coas novas previsións contidas nas directrices EBA/GL/2020/15 o Acordo Sectorial estará en vigor ata o 31 de marzo de 2021, data máxima para a presentación de solicitudes ao abeiro da presente addenda ao Acordo Sectorial.

O prazo de duración previsto no parágrafo anterior poderá ser ampliado no caso de que así sexa acordado por parte da EBA, o que sería comunicado pola ASNEF mediante a súa publicación na páxina web.

TERCERO. Plazo de las moratorias concedidas al amparo del Acuerdo Sectorial.

3.1. As moratorias que foron solicitadas a partir do 30 de setembro de 2020 e que foron concedidas a partir da devandita data terán os seguintes prazos:

3.1.1. A moratoria dos préstamos ou créditos con garantía hipotecaria terá un prazo de ata un máximo de nove (9) meses, segundo solicite o cliente beneficiario do Acordo Sectorial dentro dos tramos establecidos de xeito xeral por cada entidade para tal fin.

3.1.2. A moratoria dos préstamos ou créditos persoais terá un prazo de ata un máximo de seis (6) meses, segundo solicite o cliente beneficiario do Acordo Sectorial dentro dos tramos establecidos de xeito xeral por cada entidade para tal fin.

3.2. A Entidade Adherida que, con anterioridade ao 30 de setembro de 2020, concedese unha ou varias moratorias de préstamos ou créditos con garantía hipotecaria, xa sexa convencional ou lexislativa, por un prazo total inferior a 9 meses, a solicitude do cliente procederá a estender a duración da moratoria, ata acadar o prazo máximo indicado no apartado 3.1.1 anterior.

Nos casos en que a Entidade Adherida concedese unha ou varias moratorias de préstamos ou créditos persoais, xa sexa convencional ou lexislativa, por un prazo total inferior a 6 meses, por solicitude do cliente procederá a estender a duración da moratoria, ata acadar o prazo máximo indicado no apartado 3.1.2 anterior.

3.3. Para efectos aclaratorios faise constar que as moratorias concedidas conforme o Acordo Sectorial antes do 30 de setembro de 2020, cuxa duración fose superior a 9 meses, non se encontran afectadas polas directrices EBA/GL/2020/15, mantendo o tratamento previsto nas directrices EBA/GL/2020/02.